

Preguntas frecuentes sobre os centros especiais de emprego

Agosto de 2020

A elaboración deste documento contou coa colaboración de CEGASAL



XUNTA
DE GALICIA

INSTRUCCIÓN: facendo clic nalgunha das preguntas que aparece a continuación, poderá acceder directamente á resposta. Tras consultar a resposta, poderá volver ao inicio premendo sobre o texto [“Volver ao inicio”](#) que hai ao final de cada follas.

CATEGORÍA	PROCESO DE CUALIFICACIÓN
Pregunta n.º 01	<i>Poderíase solicitar a cualificación como centro especial de emprego antes de iniciar a actividade ou é preciso esperar?</i>
Pregunta n.º 02	<i>Onde me poden asesorar para constituír un centro especial de emprego?</i>
Pregunta n.º 03	<i>Como persoa física, podería constituír un centro especial de emprego?</i>

CATEGORÍA	EFFECTOS DA CUALIFICACIÓN
Pregunta n.º 04	<i>Que obrigacións debe cumprir unha entidade ao estar rexistrada como centro especial de emprego?</i>
Pregunta n.º 05	<i>Na contratación pública existe algún tipo de medida particular para os centros especiais de emprego?</i>

CATEGORÍA	CEE DE INICIATIVA SOCIAL E SEN ÁNIMO DE LUCRO
Pregunta n.º 06	<i>Un centro especial de emprego sen ánimo de lucro e un centro especial de emprego de iniciativa social son o mesmo?</i>
Pregunta n.º 07	<i>Como se pode acreditar a condición de centro especial de emprego sen ánimo de lucro ou de iniciativa social na Comunidade Autónoma de Galicia?</i>

CATEGORÍA	PERSOAL
Pregunta n.º 08	<i>Como pode un CEE prestar o servizo de axuste persoal e social?</i>
Pregunta n.º 09	<i>Existen diferenzas na relación laboral das persoas traballadoras con discapacidade e das persoas traballadoras sen discapacidade dun mesmo centro especial de emprego?</i>
Pregunta n.º 10	<i>Que convenio colectivo se aplica nun centro especial de emprego radicado en Galicia?</i>

CATEGORÍA	PROCESO DE CUALIFICACIÓN
Pregunta n.º 01:	<i>Poderíase solicitar a cualificación como centro especial de emprego antes de iniciar a actividade ou é preciso esperar?</i>
Resposta:	<p>Si, pódese tramitar a solicitude con carácter previo ao inicio da actividade, sempre que teña contratadas persoas traballadoras con discapacidade en número que acade polo menos o 70 % do cadro de persoal.</p> <p>Unha vez obtida a cualificación, se non se iniciase a actividade no prazo dun ano aquela caducaría.</p> <p>Tamén se pode solicitar a cualificación como CEE dun centro de traballo que xa estea en funcionamento, pero hai que ter en conta que esta cualificación só tería efectos desde a data na que se dite, non afectaría á actividade realizada con anterioridade.</p> <p>Unha consideración que cómpre ter en conta é que coa solicitude de cualificación e a inscrición no rexistro de centros especiais de emprego xa se poden solicitar as axudas que a Xunta de Galicia destina a estas entidades, aínda que o cobro se efectuará despois da resolución.</p>
Data da resposta:	14/08/20
Normativa:	<p>- Decreto 200/2005, do 7 de xullo polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento. Artigos 3.1 e 6.3: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2005/20050719/Anuncio18086_es.html</p> <p>- ORDE do 9 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade. Artigo 3.2: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200723/AnuncioG0424-130720-0001_gl.html</p>

CATEGORÍA	PROCESO DE CUALIFICACIÓN
Pregunta n.º 02:	<i>Onde me poden asesorar para constituír un centro especial de emprego?</i>
Resposta:	<p>Os centros especiais de emprego son entidades de economía social, polo que gozan do asesoramento gratuíto da Rede Eusumo. Tamén se pode obter información e documentos útiles na asesoría virtual da Consellería de Economía, Emprego e Industria.</p> <p>Por outro lado, dado que os centros especiais de emprego son entidades produtivas que realizan unha actividade empresarial no mercado, poden asesorarse en canto ao plan de viabilidade do negocio ou a outros aspectos comúns a calquera outra actividade empresarial a través de organismos como o Igape, asociacións empresariais, etc.</p>
Data da resposta:	14/08/20
Ligazóns de interese:	<p>http://eusumo.gal/asesoramento https://emprego.xunta.es/lrpro/web/av_cee/</p> <p>Modelos para elaborar un plan de empresa: http://www.igape.es/gl/crear-unha-empresa/crear-unha-empresa/plan-de-negocio</p>

[Volver ao inicio](#)

CATEGORÍA	PROCESO DE CUALIFICACIÓN
Pregunta n.º 03:	<i>Como persoa física, podería constituír un centro especial de emprego?</i>
Resposta:	<p>Si, posto que o centro pode ter como titular tanto unha persoa física como unha persoa xurídica, xa sexa pública ou privada.</p> <ul style="list-style-type: none"> • A persoa física terá que cumprir coas súas obrigacións legais e fiscais como autónoma. • Como persoa xurídica admítense calquera das formas que se permiten en dereito: sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, comanditarias por accións, cooperativas, laborais, fundacións, asociacións, comunidades de bens... incluso creando comunidades mercantís unipersoais, admitidas no noso ordenamento xurídico. <p>A diferenza das sociedades ou persoas xurídicas, o autónomo non necesita inscribirse no Rexistro Mercantil (pode facelo voluntariamente), nin solicitar o CIF, xa que actuará co seu NIF.</p>
Data da resposta:	14/08/20
Normativa:	<p>- Estatuto da persoa traballadora autónoma: http://www.mitramiss.gob.es/es/guia/texto/guia_2/contenidos/guia_2_6_3.htm</p> <p>- Guía laboral. O traballo por conta propia ou autónoma e o traballo asociado: http://www.mitramiss.gob.es/es/guia/texto/guia_2/index.htm</p> <p>- Decreto 200/2005, do 07 de xullo. Artigo 3.2: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2005/20050719/Anuncio18086_es.html</p>

[Volver ao inicio](#)

CATEGORÍA	EFECTOS DA CUALIFICACIÓN
Pregunta n.º 04:	<i>Que obrigacións debe cumprir unha entidade ao estar rexistrada como centro especial de emprego?</i>
Resposta:	<ol style="list-style-type: none"> 1. Deberá manter os requisitos tidos en conta para a súa autorización e inscrición no rexistro. 2. Deberá presentar nos catro meses seguintes ao peche do exercicio económico a memoria anual, que comprenderá: <ul style="list-style-type: none"> - Identificación do centro. - Composición do cadro de persoal de cada centro, indicando o persoal con discapacidade e as súas altas/baixas no exercicio. - Documentación económica, balance de situación, conta de perdas e ganancias, liquidación de orzamento do ano pechado e proxecto de orzamento do seguinte. - Cumprimento dos obxectivos económicos e de axuste persoal e social. - Ademais, os centros sen ánimo de lucro deben achegar as contas anuais da entidade titular e a certificación da súa aprobación pola asemblea xeral ou órgano equivalente que conteña o acordo da distribución ou imputación dos resultados. Na devandita certificación deberá constar a transcripción literal das modificacións estatutarias e os acordos sociais que afecten ao recoñecemento como centro sen ánimo de lucro, ou, pola contra, a súa inexistencia. 3. Deberá comunicar ao rexistro: <ul style="list-style-type: none"> - Antes dun mes: calquera circunstancia que altere as condicións da autorización, especialmente as que poidan ser causa de descualificación do centro ou de perda da carencia de ánimo de lucro. - A realización de enclaves laborais, remitindo os contratos subscritos e as súas prórrogas. 4. Deberá obter autorización da Secretaria xeral de Emprego para: <ul style="list-style-type: none"> - A inscrición de novos centros de traballo. - A ampliación ou cambio de actividades. - Cambios na localización do centro de traballo. - Calquera outra circunstancia que altere substancialmente as condicións da cualificación inicial.
Data da resposta:	14/08/20
Normativa:	Decreto 200/2005, do 7 de xullo. Artigo 8: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2005/20050719/Anuncio18086_es.html

[Volver ao inicio](#)

CATEGORÍA	EFFECTOS DA CUALIFICACIÓN
Pregunta n.º 05:	<i>Na contratación pública existe algún tipo de medida particular para os centros especiais de emprego?</i>
Resposta:	<p>Si, a medida particular na contratación pública en favor dos CEE de iniciativa social ven recoñecida na Lei de Contratos do Sector Público (Lei 9/2017, de 8 de xullo). Estes son os chamados contratos reservados.</p> <p>O <u>principio de concorrencia</u> inspirador da Lei de Contratos do Sector Publico <u>admite algunhas excepcións</u> cando persegue a consecución de determinados fins públicos de interese social, feito que se aplica, entre outros, á integración laboral de persoas con discapacidade.</p> <p>Deste xeito, por acordo do Consello de Ministros, do órgano competente da Comunidade Autónoma ou da entidade local debe fixarse unha porcentaxe mínima de reserva para a participación de determinados contratos a favor dos CEE de iniciativa social ou das empresas de inserción.</p> <p>No anuncio de licitación debe constar a referencia de que se trata dun contrato reservado, aplicando así o principio de publicidade.</p> <p>Nos contratos reservados como regra xeral non se exixirá a prestación de garantía definitiva.</p>
Data da resposta:	14/08/20
Normativa:	<p>Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos del Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE. Disposición adicional 4ª: https://www.boe.es/buscar/pdf/2017/BOE-A-2017-12902-consolidado.pdf</p>

[Volver ao inicio](#)

CATEGORÍA	CEE DE INICIATIVA SOCIAL E SEN ÁNIMO DE LUCRO
Pregunta n.º 06:	<i>Un centro especial de emprego sen ánimo de lucro e un centro especial de emprego de iniciativa social son o mesmo?</i>
Resposta:	<p>As categorías “de iniciativa social” e “sen ánimo de lucro” refírense a aqueles centros que non responden ao obxectivo de maximizar o beneficio privado, senón que pola súa titularidade e forma de distribución dos resultados, tenden a un fin social. Hai que aclarar que non se trata de que non busquen a rendibilidade ou que non xeren beneficios, o importante é o destino que se lles dá a estes.</p> <p>En termos xerais, podemos dicir que para que un CEE sexa recoñecido como sen ánimo de lucro ou de iniciativa social, debe estar participado maioritariamente por algunha entidade sen ánimo de lucro (pública ou privada) ou ben por unha empresa mercantil de titularidade daquela, e debe reinvestir os seus beneficios na promoción do emprego para persoas con discapacidade. En ningún caso, un CEE propiedade dunha persoa física pode ter esta cualificación.</p> <p>Non obstante, existen algunhas diferenzas entre elas, xa que están reguladas por normas distintas que establecen un requisitos un pouco diferentes. As diferenzas máis relevantes son:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Un CEE de titularidade dunha sociedade anónima (que á súa vez estea participado maioritariamente por unha entidade sen ánimo de lucro) pode ter a consideración de iniciativa social, pero non pode ser cualificado como “sen ánimo de lucro” porque a norma que os regula non recolle esta posibilidade. • Pola contra, un CEE de titularidade dunha sociedade laboral podería cualificarse como “sen ánimo de lucro” sempre que estea participado nunha terceira parte por unha entidade sen ánimo de lucro. Pero non podería ser considerado de iniciativa social. • Os beneficios obtidos polos CEE sen ánimo de lucro deben reinvestirse integramente no propio centro ou noutro centro especial de emprego sen ánimo de lucro. En cambio, no caso dos CEE de iniciativa social o destino é un pouco máis amplo, xa que poden destinarse a crear oportunidades de emprego para persoas con discapacidade e a mellora continua da súa competitividade e da súa actividade de economía social, tendo en todo caso a facultade de reinvestilos no propio centro ou noutros centros especiais de emprego de iniciativa social.
Data da resposta:	14/08/20
Normativa:	<p>- Decreto 200/2005, do 7 de xullo polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento. Artigos 10 e 11: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2005/20050719/Anuncio18086_es.html</p> <p>- Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Artigo 43.4: https://emplego.xunta.es/descargas/coceso/cee/Real Decreto 1 2013.pdf</p>

[Volver ao inicio](#)

CATEGORÍA	CEE DE INICIATIVA SOCIAL E SEN ÁNIMO DE LUCRO
Pregunta n.º 07:	<i>Como se pode acreditar a condición de centro especial de emprego sen ánimo de lucro ou de iniciativa social na Comunidade Autónoma de Galicia?</i>
Resposta:	<p>Para ter a consideración de CEE sen ánimo de lucro debe solicitarse a cualificación e inscrición como tal no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego. Pode facerse ao mesmo tempo que se solicita a autorización e inscrición como centro especial de emprego, pero tamén en calquera momento posterior, unha vez que o centro xa está en funcionamento.</p> <p>Para iso deberá achegarse a seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - certificación literal dos seus estatutos vixentes, expedida polo rexistro onde figura inscrita a entidade, así como das entidades que participen indirectamente, de ser o caso - memoria explicativa do destino previsto dos posibles beneficios xerados. <p>En canto á condición de centro de iniciativa social, a súa normativa reguladora non recolle un procedemento específico para o seu recoñecemento, pero no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia pode solicitarse da mesma forma arriba indicada.</p> <p>Deste xeito, poderá acreditar esta condición nos procedementos de contratación, de axudas públicas ou calquera outro no que sexa relevante esta circunstancia.</p>
Data da resposta:	14/08/20
Normativa:	<p>- Decreto 200/2005, do 7 de xullo. Artigos 10 e 11: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2005/20050719/Anuncio18086_es.html</p> <p>- Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro. Artigo 43.4: https://emprego.xunta.es/descargas/coceso/cee/Real_Decreto_1_2013.pdf</p>
Ligazón de interese:	Asesoría virtual do Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia: https://emprego.xunta.es/lrpro/web/av_cee/

[Volver ao inicio](#)

CATEGORÍA	PERSONAL
Pregunta n.º 08:	<i>Como pode un CEE prestar o servizo de axuste persoal e social?</i>
Resposta:	<p>Entenderanse por servizos de axuste persoal e social os servizos de apoio prestados por profesionais que permitan axudar a superar as barreiras, obstáculos ou dificultades que as persoas traballadoras con discapacidade dos centros especiais de emprego teñan no proceso de incorporación a un posto de traballo, así como na permanencia e progresión nel. Igualmente comprende os servizos dirixidos á inclusión social, cultural e deportiva. Estes servizos son obrigatorios.</p> <p>Unha das formas de prestar este servizo é a través da constitución de Unidades de Apoio á Actividade Profesional, que son equipos multidisciplinares orientados a favorecer a integración e adaptación das persoas con discapacidades máis severas (aquelas que teñen parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade intelectual, cun grao igual ou superior ao 33 %, ou unha discapacidade física ou sensorial igual ou superior ao 65 %).</p> <p>Tamén se poden prestar estes servizos a través da contratación doutro persoal de apoio, como son os/as preparadores/as laborais, ou ben a través de acordos ou convenios con entidades que presten estes servizos.</p> <p>A Xunta de Galicia convoca anualmente axudas para sufragar os custos salariais de Seguridade Social do persoal indefinido que forme parte das unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste de persoal e social dos centros especiais de emprego.</p>
Data da resposta:	14/08/20
Normativa:	<ul style="list-style-type: none"> - Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro. Artigo 43: https://emplego.xunta.es/descargas/coceso/cee/Real_Decreto_1_2013.pdf - Real Decreto 469/2006, do 21 de abril, polo que se regulan as unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos Centros Especiais de Emprego: https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2006-7171&tn=1&p=20120707 - Orde do 8 de agosto de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190830/AnuncioG0424-130819-0001_es.html

[Volver ao inicio](#)

CATEGORÍA	PERSONAL
Pregunta n.º 09:	<i>Existen diferencias na relación laboral das persoas traballadoras con discapacidade e das persoas traballadoras sen discapacidade dun mesmo centro especial de emprego?</i>
Resposta:	<p>Si, a relación laboral das persoas traballadoras con discapacidade dun centro especial de emprego réxese polo Real decreto 1368/1985, do 17 de xullo, polo que se regula a relación laboral de carácter especial das persoas con discapacidade que traballan nos centros especiais de emprego e adicionalmente, polas previsións e as normas do convenio colectivo aplicable e da lexislación laboral común.</p> <p>Neste Real decreto recóllense, entre outras, as peculiaridades nas modalidades de contrato para a formación ou o contrato de traballo a domicilio, a prohibición de realizar horas extras ou a posibilidade de que a persoa traballadora se poida ausentar do posto de traballo para asistir a tratamentos de rehabilitación médicos-funcionais e para participar en accións de orientación, formación e readaptación profesional.</p>
Data da resposta:	14/08/20
Normativa:	<p>Decreto 1368/1985, do 17 de xullo polo que se regula a relación laboral de carácter especial dos minusválidos que traballen nos Centros Especiais de Emprego. Artigo 7 e 13:</p> <p>https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1985-16663</p>

CATEGORÍA	PERSONAL
Pregunta n.º 10:	<i>Que convenio colectivo se aplica nun centro especial de emprego radicado en Galicia?</i>
Resposta:	<p>O Convenio colectivo galego de centros especiais de emprego en vigor distingue diferentes supostos:</p> <ol style="list-style-type: none"> Centros especiais de emprego de iniciativa social e emprendemento colectivo. Trátase esta dunha categoría definida no propio convenio. Aplícaselles o convenio colectivo galego de centros especiais de emprego, coa táboa salarial que recolle o anexo I. Centros especiais de emprego que non sexan de iniciativa social e emprendemento colectivo. Hai que diferenciar dúas posibilidades: <ul style="list-style-type: none"> Que a súa actividade non estea regulada por un convenio colectivo sectorial ou de empresa. Aplicarán o convenio colectivo galego de centros especiais de emprego (coa táboa salarial do anexo II) ou o de empresa, en caso de ser máis beneficioso. Que a súa actividade esteá regulada por un convenio colectivo sectorial ou de empresa. Aplicarán os convenios colectivos sectoriais existentes ou o de empresa, en caso de ser máis beneficioso en cada un dos sectores en que se encadre a actividade produtiva do centro.
Data da resposta:	14/08/20
Normativa:	<p>Convenio colectivo galego de centros especiais de emprego:</p> <p>https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200224/AnuncioG0424-240120-0003_es.html</p>

[Volver ao inicio](#)



info@eusumo.gal | www.eusumo.gal